



RESOLUCIÓN POLA QUE SE AUTORIZA A MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL DA CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CON DESTINO A UN GALPÓN E UNHA TUBAXE DE TOMA DE AUGA DE MAR, NO TERMO MUNICIPAL DE SANXENXO (PONTEVEDRA)

**Expediente: C-853-Pontevedra (CNC02/97/36/0089)
CONC-PO-2025-020**

Examinada a documentación que consta no expediente de modificación da concesión da que é titular Amalia Vidal Iglesias, outorgada inicialmente a Salvador Vidal Santos por Orde Ministerial do 16.11.1962 para a ocupación de terreos de dominio público con destino a un galpón e unha tubaxe de toma de auga de mar, no termo municipal de Sanxenxo (Pontevedra), figuran no Servizo do Litoral de Pontevedra os seguintes

I. ANTECEDENTES

1. Por Orde Ministerial (OM) do 16.11.1962 outorgouse a Salvador Santos unha concesión para a ocupación de terreos de dominio público marítimo-terrestre con destino a construír un galpón e unha tubaxe de auga de mar (de 80 ml), no termo municipal de Sanxenxo (Pontevedra).

A licenza e a concesión outorgáronse a título precario polo que, de acordo coa Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, o vencemento da mesma se produciría o 29.07.2018.

Nas prescricións da citada OM de outorgamento figuraba a obriga do concesionario de realizar "las obras precisas para dejar una zona de seis metros de ancho por los lados este, sur y oeste del galpón. Las obras consistirán en la ejecución de un muro cuya coronación esté situada en la cota +5; su paramento exterior tendrá el talud de un décimo y el interior será escalonado con retallos de treinta centímetros por cada metro de altura. La superficie entre el muro y el galpón será rellenada a la cota +5, o sea, la de coronación del muro".

Con iso, a ocupación total da concesión é de 240 m², dos cales 160 m² corresponden á explanada construída e parte do galpón, e 80 m² ás tubaxes de captación.

2. O 31.03.2017, Salvador Vidal Santos solicitou á modificación-ampliación a 279,5 m² da concesión administrativa, consistente na construción de dúas novas tubaxes de aspiración, unha de vertido e mantemento da explanada existente, baixo a cal se

**DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





encontran parte das instalacións da cetaria. Achegan documento "Proyecto Descriptivo: de las modificaciones y mejoras a realizar en una Cetárea dotada de cocedero para productos de la pesca y de la acuicultura" suscrito polo enxeñeiro industrial Pedro Pereiro Figueiras en marzo do 2017. A modificación supón un aumento da superficie ocupada do 100%. O orzamento de execución material ascende a 70.834,57 €.

3. O 30.05.2017, Salvador Vidal Santos presentou no Servizo Provincial de Costas de Pontevedra unha solicitude da prórroga extraordinaria prevista no artigo 2 da Lei 2/2013, do 29 de maio. Coa solicitude achegou documentación acreditativa da identidade do peticionario e declaración responsable de que as instalacións, así como as obras realizadas durante a vixencia do título concesional, se axustan ao previsto no seu obxecto, condicións y prescricións.

4. O 08.10.2020, Augas de Galicia solicita ao Servicio de Costas de Pontevedra informe relativo á modificación-ampliación a 279,5 m² da concesión administrativa consistente na construción de dúas novas tubaxes de aspiración, unha de vertido e mantemento da explanada existente, baixo a cal se encontran parte das instalacións da cetaria. Na documentación achegada por Augas de Galicia inclúese o resultado da información pública e oficial:

- Informe emitido por Capitanía Marítima de Vigo

Este organismo informa favorablemente a petición o 17.06.2020, sempre e cando, por razón da localización da instalación pretendida, se cumpran unha serie de medidas de seguridade e observacións, que se enumeran no informe do Servicio de Seguridade marítima:

"1. La zona de operaciones o de trabajos de tendido de tuberías será balizada adecuadamente, las embarcaciones utilizadas tipo dragas, gánguiles o cualesquiera otra embarcación profesional, se encontrarán despachadas para la actividad a desarrollar (tendido y soterramiento de tuberías en el lecho marino).

2. En cuanto a la delimitación y balizamiento de la operativa del tendido de las tuberías, según las coordenadas indicadas en el Proyecto, debería comunicarse esta información al Instituto Hidrográfico de la Marina, por si este organismo considera apropiado realizar "avisos a los navegantes" y/o actualizaciones de las cartas náuticas de navegación afectadas, desde el punto de vista de la seguridad marítima y de la navegación en las proximidades de la zona de operaciones.





3. Cuando los trabajos/actividades se prolonguen en horario nocturno, la zona de operaciones debería estar adecuadamente iluminada así como señalizar de forma efectiva cualquier objeto o herramienta que pudiese suponer algún peligro para la navegación, prestando especial atención y diligencia con las embarcaciones de pesca local, de recreo y demás artefactos flotantes y/o de playa, habituales en esa zona, por la proximidad de varios puertos deportivos y pesqueros, y más aún teniendo en cuenta la temporada estival de turismo náutico en la que nos encontramos puesto que muy importante en la zona de Sanxenxo, con mucha actividad y movimiento.

4. En cuanto a la operativa de la instalación de los módulos de tuberías, ésta no debe llevarse a cabo dejando que la tubería caiga hasta el fondo del mar por su propio peso desde la embarcación, draga ó gánguil, sino con el control y supervisión de profesionales debidamente autorizados para realizar actividades subacuáticas de buceo profesional, con herramientas apropiadas como grúa en la embarcación o globos elevadores. De esta manera se puede controlar tanto el punto preciso en el que se desea que queden instaladas las tuberías, como la forma en que estas quedarán soterradas en el lecho marino. De esta manera, la supervisión directa de estas operaciones servirá para evitar situaciones peligrosas o de riesgo tanto para la tripulación de la embarcación, como para los buceadores y demás trabajadores implicados en la operativa.

5. Se tomarán todas las medidas pertinentes para evitar que durante la operativa de instalación de las tuberías se produzcan derrames accidentales de lubricantes y/o combustibles de las embarcaciones encargadas de las labores de traslado y tendido de las tuberías.

6. Una vez finalizada la operativa, el fondeo del mar o lecho marino, deberá quedar totalmente libre de elementos sobre su superficie.

7. Debe registrarse de manera precisa las coordenadas de ubicación de los tramos de tubería, comprobando el estado de los fondos y realizando fotografías de cada tubería. Esta información servirá para hacer un seguimiento de la instalación cuando sea preciso.

8. Todos los elementos de la instalación deberán ser dimensionados para resistir los esfuerzos que puedan sufrir a lo largo del periodo en el que se encuentren instalados en el mar (soterrados en el lecho marino), de manera que no pueda producirse la rotura de éstos y la pérdida en el mar de los elementos que componen esta instalación.





9. Se seleccionarán los materiales de manera que se asegure una vida útil lo más prolongada posible y que no se produzcan corrosiones u otros efectos indeseados que puedan restar eficacia a la instalación.

10. La instalación de tuberías deberá ser objeto de un adecuado mantenimiento y vigilancia o inspección, que asegure que cada uno de sus tramos conserva las características adecuadas para su función y que reduzca su probabilidad de rotura. El control ha de efectuarse sobre cada uno de los tramos de las 3 tuberías, comprobando que se encuentran sin desenterrar, sin indicios de corrosión, poros, desgaste, etc.... Asimismo, habrá de comprobarse la ausencia de basura marina en las tomas de aspiración y de vertido del efluente. En este sentido, sería recomendable realizar una inspección submarina a toda la instalación después de los temporales y registrar el resultado de dicha inspección.

La emisión del presente informe, no exonera al concesionario del cumplimiento de cualquier otro tipo de normativa que le sea de aplicación, ni de la disposición de las autorizaciones pertinentes del resto de organismos competentes."

- Informe emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, do 29.06.2020, no que informa que, no que se refire ás competencias do Servizo de Avaliación Ambiental de proxectos, se considera que o proxecto non está incluído en ningún dos supostos contemplados no artigo 7 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

- Informe do Ente Público Portos do Estado

O 29.06.2020, atendendo exclusivamente ao ámbito das axudas á navegación e sinalización marítima, informa o seguinte:

"La parte marítima de la instalación objeto de este informe no constituye obstáculo a la navegación.

Si fuera necesario ejecutar obras que requieran instalar algún tipo de balizamiento marítimo temporal, éste será instalado por el interesado, previa solicitud de sus características a Puertos del Estado.

En cualquier caso, esta instalación deberá ser puesta en conocimiento del Instituto Hidrográfico de la Marina para, si procede, su inclusión en los correspondientes documentos náuticos."

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





- Informe emitido polo Concello de Sanxenxo

O Concello, a través do informe, do 03.07.2020, do enxeñeiro municipal informa o seguinte:

"A edificación en cuestión se encontra emprazada na zona verde ZV-57B, de acordo co establecido no vixente PXOM. A mesma está afectada polo dominio público marítimo-terrestre e pola servidume de protección do DPMT.

En canto aos vertidos de augas residuais domésticas, remitímonos ao informe realizado en data 12 de agosto/2019 por Espina y Delfín, S.L.; empresa xestora dos servizos municipais de abastecemento de auga e saneamento de augas residuais, e que obra no expediente de referencia (anexo-3)."

- Informe do Ministerio de Defensa

Segundo o trasladado por Augas de Galicia, non foi recibido.

- Anuncio de información pública

Publicouse no Boletín Oficial da Provincia nº 117, do 19.06.2020, e estivo en exposición pública no Concello de Sanxenxo e na Demarcación Sur de Augas de Galicia, durante o período regulamentario, sen que se presentasen alegacións ao mesmo.

5. Por OM do 15.10.2020 autorizouse a transferencia da concesión a favor de Josefina Iglesias Gómez e Amalia Vidal Iglesias quedando subrogados os novos concesionarios en todos os dereitos e obrigas do anterior concesionario.

6. O 29.07.2021 se reciben na Subdirección Xeral de Dominio Público Marítimo-Terrestre as alegacións presentadas por Josefina Iglesias Gómez e Amalia Vidal Iglesias nas que, en síntese, describen funcionamento dunha cetaria, xustifican a necesidade de dispoñer de auga de mar, sinalando que a servidume de tránsito está garantida e, para xustificar o cumprimento dos artigos 32 e 61 da Lei 22/1988, do 28 de xuño, indican a necesidade da captación de auga de mar.

7. O 11.08.2021, se traslada informe a Augas de Galicia, suspendendo o prazo para a emisión do informe preceptivo e vinculante previsto no artigo 156 do RXC en relación á solicitude de modificación-ampliación de la concesión administrativa consis-





tente en la construcción de dúas novas tubaxes de aspiración, unha de vertido e man-
tenemento da explanada existente, mentres non se resolvese o expediente sobre a
prórroga extraordinaria da concesión.

8. A Subdirección Xeral para a Protección do Mar emitiu o 12.08.2024 informe de
compatibilidade favorable establecendo as condicións que se teñen que levar a
cabo para que a actuación sexa plenamente compatible co contido da estratexia ma-
riña:

*"1. El presente Informe de Compatibilidad se ciñe exclusivamente sobre las infraestruc-
turas ubicadas en el medio marino, y que forman parte de la instalación de la cetárea
dotada de cocedero para productos de la pesca y de la acuicultura en el término muni-
cipal de Sanxenxo. Se solicita la ocupación de 279,55 m², de los cuales 140 m² ya fue-
ron otorgados por la OM de 16 de noviembre de 1962, para instalación de dos tuberías
de captación de agua de mar y una de vertido, dando así soporte a la actividad de
transformación y comercialización de mariscos gallegos.*

*En todo caso, se recuerda que si en un futuro se derivase la necesidad de ejecución de
nuevas obras o instalaciones en las aguas marinas y su lecho, la autorización de esas
posibles actuaciones que se ajusten a lo establecido en el artículo 3.3 de la Ley
41/2010, de 29 de diciembre, de protección del medio marino, requerirán un nuevo in-
forme favorable de esta Subdirección General, respecto de su compatibilidad con la
estrategia marina de la Demarcación Noratlántica. Para la solicitud de ese informe de-
berá atenderse a lo dispuesto en el Real Decreto 79/2019, de 22 de febrero, modificado
por el Real Decreto 218/2022 de 29 de marzo, por el que se regula el informe de com-
patibilidad y se establecen los criterios de compatibilidad con las estrategias marinas.*

*2. La instalación de las tuberías de captación y vertido de agua del mar ocupará la su-
perficie exclusiva para la que se pide la concesión y se evitará la instalación sobre las
comunidades de especies incluidas en el Real Decreto 139/2011, de 4 de febrero, para el
desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del
Catálogo Español de Especies Amenazadas. Dichas especies se encuentran sometidas a
las medidas de protección establecidas en la Ley 42/2007, de 13 de diciembre, del Pa-
trimonio Natural y de la Biodiversidad, y en particular a las prohibiciones de su artícu-
lo 57.*

*3. La instalación de las tuberías, tanto de captación como la de vertido, debe llevarse a
cabo con el control y supervisión por personal especializado, con herramientas apro-*





piadas. De esta manera se debe controlar el punto preciso en el que queda instalado y la traza.

4. Se ejecutarán los trabajos de colocación de las tuberías e instalación de muertos de hormigón con el mar en calma garantizándose así que la turbidez generada no alcanza zonas sensibles.

5. Los materiales que vayan a entrar en contacto con la lámina de agua serán inertes y estarán limpios, asegurando que no producen alteración en la masa de agua.

6. La gestión de la obra y la explotación de la cetárea se realizará tomando todas las medidas oportunas y necesarias para garantizar que no se va a producir ningún tipo de contaminación, vertido o colocación de materiales y sustancias fuera de aquellos definidos como necesarios para la obra, o llegada de basuras al medio marino.

7. Durante el funcionamiento, las tuberías de captación y desagüe serán objeto de un adecuado mantenimiento y vigilancia, que asegure que se encuentra en condiciones adecuadas y que cada una de sus partes conserva las características adecuadas para su función. Para ello será necesario ejecutar inspecciones periódicas, recomendándose una periodicidad anual.

8. Se ejecutarán los controles indicados por el promotor en cuanto a la vigilancia ambiental del vertido y del medio receptor, siempre y cuando éstos sean aceptados por Augas de Galicia. Se atenderá a lo dispuesto en la Autorización de Vertido.

Según lo establecido en el artículo 10.1 del Real Decreto 79/2019, de 22 de febrero este informe tendrá un periodo de vigencia de cuatro años desde su notificación. Del mismo modo, el artículo 10.3 establece que el período de vigencia del informe concluirá antes de transcurrir cuatro años desde su dictado, cuando se produzca la extinción del título administrativo de ocupación del dominio público marítimo-terrestre o de la autorización o aprobación que ampare la actuación sujeta al informe."

9. O 26.06.2025, a Dirección Xeral da Costa e o Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, ditou resolución de sometemento á aceptación de Josefina Iglesias Gómez e Amalia Vidal Iglesias das condicións e prescricións polas que podería outorgarse a prórroga extraordinaria prevista no artigo 2 da Lei 2/2013, do 29 de maio, da concesión outorgada inicialmente a Salvador Vidal Santos por OM do 16.11.1962 para a ocupación de terreos de dominio público marítimo-terrestre con





destino a un galpón e unha tubaxe de toma de auga de mar, no termo municipal de Sanxenxo (Pontevedra).

10. O 26.06.2025, a Dirección Xeral da Costa e do Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, resolveu informar favorablemente a solicitude de Josefina Iglesias Gómez e Amalia Vidal Iglesias de modificación da concesión outorgada inicialmente a Salvador Vidal Santos por Orde Ministerial do 16.11.1962 para a ocupación de terreos de dominio público con destino a un galpón e unha tubaxe de toma de auga de mar, no termo municipal de Sanxenxo (Pontevedra), de acordo coas condicións e prescricións sometidas á aceptación por parte das concesionarias mediante resolución desa mesma data como condición para outorgar a prórroga extraordinaria, ás que se engaden as recollidas no propio informe.

11. O 30.07.2025 Augas de Galicia traslada ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, unha copia da aceptación por parte de Amalia Vidal Iglesias, do 28.07.2025, dos condicionantes establecidos no informe emitido do 26.06.2025 da Directora General de la Costa y el Mar no expediente de solicitude de modificación-ampliación de tubaxes de toma de auga de mar e desaugue para cetaria, cocedeiro de mariscos e centro de expedición e de prórroga extraordinaria da concesión outorgada inicialmente a Salvador Vidal Santos por OM do 16.11.1962 para a ocupación de terreos de dominio público marítimo-terrestre con destino a un galpón e unha tubaxe de toma de auga de mar, no termo municipal de Sanxenxo (Pontevedra), e solicita que se lle remita a resolución de ocupación do dominio público marítimo-terrestre aos efectos de proceder á resolución do expediente.

12. O 23.09.2025, o Servicio Provincial de Costas de Pontevedra, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, remite ao Servizo do Litoral de Pontevedra desta consellería unha copia do expediente de prórroga extraordinaria prevista no artigo 2 da lei 2/2013, do 29 de maio, da concesión outorgada inicialmente a Salvador Vidal Santos por OM do 16.11.1962 para a ocupación de terreos de dominio público marítimo-terrestre con destino a un galpón e unha tubaxe de toma de auga de mar, no termo municipal de Sanxenxo (Pontevedra), ao abeiro do Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

13. Na resolución da Dirección Xeral da Costa e do Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, do 26.06.2025, de sometemento á





aceptación de Josefina Iglesias Gómez e Amalia Vidal Iglesias das condicións e prescricións polas que se podería outorgar a prórroga extraordinaria prevista no artigo 2 da Lei 2/2013, do 29 de maio, advertiuse un erro material na condición particular primeira, relativa o prazo de duración da prórroga.

14. O 12.06.2026, trasladouse a Augas de Galicia o informe favorable do 12.06.2026, do Servizo do Litoral de Pontevedra desta consellería, para someter á aceptación de Amalia Vidal Iglesias as condicións e prescricións polas que se podería outorgar a prórroga da concesión da que é titular, outorgada inicialmente a Salvador Vidal Santos por Orde Ministerial do 16.11.1962 para a ocupación de terreos de dominio público marítimo-terrestre con destino a un galpón e unha tubaxe de toma de auga de mar, no termo municipal de Sanxenxo (Pontevedra), ao abeiro do artigo 2 da Lei 2/2013, do 29 de maio.

15. O 26.06.2026, Augas de Galicia trasladou a esta dirección xeral a aceptación de Amalia Vidal Iglesias, do 19.06.2026, das condicións e prescricións propostas, e solicitou a remisión da resolución de ocupación do dominio público marítimo-terrestre, aos efectos de proceder á resolución do expediente, de conformidade co Regulamento xeral de costas.

16. O 31.07.2026, a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático ditou resolución pola que outorga a Amalia Vidal Iglesias a prórroga por un prazo de dez (10) anos, que vence o 30.05.2027, prorrogable por prazos de igual ou inferior duración ata como máximo o 16.11.2037, da concesión da que é titular, outorgada inicialmente a Salvador Vidal Santos por Orde Ministerial do 16.11.1962 para a ocupación de terreos de dominio público marítimo-terrestre con destino a un galpón e unha tubaxe de toma de auga de mar, no termo municipal de Sanxenxo (Pontevedra), con suxeición ás condicións e prescricións sinaladas nesta resolución.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

II.1. Competencia para resolver

O artigo 48.1 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (DOG núm. 133, do 13.06.2023), establece que, respectando o réxime xeral establecido na normativa de costas, as autorizacións e concesións do dominio público marítimo-terrestre serán outorgadas polas consellerías competentes no momento no que se produza o efectivo traspaso de funcións e





servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación do litoral.

O 19.05.2025 publicouse o Real decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, en virtude do cal quedan traspasadas a esta comunidade as ditas funcións e servizos; nomeadamente, a xestión das concesións demaniais, que inclúe, en todo caso, o seu outorgamento, renovación, prórroga, modificación e extinción (BOE núm. 120, do 19.05.2025).

De conformidade co disposto no Decreto 50/2025, de 30 de xuño, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e os servizos traspasados pola Administración do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral (DOG núm. 124, do 01.07.2025).

A competencia para resolver a solicitude presentada correspóndelle á Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de conformidade co disposto no artigo 11.1.b) do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (DOG núm. 101, do 27.05.2024), modificado polo Decreto 192/2024, do 9 de decembro (DOG núm. 238, do 11.12.2024), e polo Decreto 106/2025, do 11 de novembro (DOG núm. 228, do 25.11.2025); e na disposición transitoria única do Decreto 50/2025, do 30 de xuño, segundo o cal, no ámbito da consellería con competencias en materia de ordenación do litoral, correspóndelles aos servizos provinciais do litoral a tramitación e proposta de resolución dos procedementos de concesión demanial de ocupación no dominio público marítimo-terrestre e á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia do litoral a súa resolución.

II.2. Marco xurídico

1. O expediente tramítase conforme ao artigo 156 do RXC, que regula o procedemento mediante o cal se han de outorgar conxuntamente a autorización ou concesión por parte da Comunidade Autónoma para o funcionamento da actividade e da concesión para ocupación pola mesma de dominio público marítimo-terrestre.

2. A actividade está contemplada entre aquelas ás que se refire o artigo 61.2.a do RXC, dado que, polas súas características, requiren a ocupación do dominio público marítimo-terrestre.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





3. As autorizacións e concesións poderán ser modificadas nos supostos establecidos no artigo 162 do RXC, segundo o cal:

“La Administración otorgante podrá autorizar modificaciones de las características de una concesión. Cuando la modificación sea sustancial, la solicitud deberá someterse al procedimiento establecido en este reglamento para el otorgamiento de concesiones. Se considerará, en todo caso, modificación sustancial, el aumento en más de un 10 por ciento del volumen o superficie sobre lo reconocido en el título otorgado, ya sea alcanzado este porcentaje en una o más actuaciones, así como el cambio de uso para el que se le otorgó dicho título.”

4. De acordo co proxecto, unha vez realizadas as actuacións, a superficie solicitada en concesión tras a modificación solicitada supón un incremento de superficie próximo ao 100 % da superficie outorgada en concesión mediante a OM do 16.11.1962, considerándose modificación substancial, polo que a solicitude se someteu ao procedemento establecido no RXC para o outorgamento de concesións.

5. Tal e como se adiantou no antecedente noveno desta resolución, a Subdirección Xeral para a Protección do Mar informou que a actuación será plenamente compatible co contido da estratexia mariña, sempre que se cumpran as condicións que figuran no seu informe.

6. Segundo o artigo 84 da LC, toda ocupación ou aproveitamento do DPMT en virtude dunha concesión ou autorización, calquera que fora a Administración outorgante, devindicará o correspondente canon en favor da Administración do Estado, sen prexuízo dos que sexan exixibles por aquela, estando obrigados ao pago do canon os titulares das mencionadas concesións e autorizacións.

De conformidade co disposto no apartado C.1. do Acordo de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, aprobado polo Real decreto 394/2025, do 13 de maio, a Administración Xeral do Estado se reserva as funcións de fixar o importe dos cánones pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo terrestre, de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados por estes conceptos, así como recadar os seus importes.

7. No seu informe do 26.06.2025, a Dirección Xeral da Costa e do Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, sinala con respecto ao canon o seguinte:

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





"El canon puede ser revisado por la Administración cuando varíe el valor de la base imponible utilizada para su cálculo. Al haber variado dicha base procede a recalcular el canon en base a los artículos 84.3 de Ley de Costas, y 181.3 del Reglamento General de Costas, por el que se modifica el Reglamento General de Costas.

A efectos del cálculo, hay que tener en cuenta, que en el presente informe se procede a revisar el canon con base en la modificación solicitada, para una superficie total de la concesión resultante de la modificación de 297,71 m² s.

De acuerdo a lo anterior, se procede a calcular el canon de la superficie ocupada objeto de este expediente, según el siguiente cálculo:

A.- Base (Valor de suelo + Beneficios)

- Valor del bien ocupado aplicable a los terrenos contiguos a sus zonas de servidumbre que tienen un aprovechamiento similar a los usos que se proponen para el dominio público (finca catastral 6345409NG1964N0001KA) = 194,54 €/m²

Superficie total ocupada = 297,71 m² (correspondiente a 160 m² de la explanada + 51,89 x 1 m² del tramo 1 de tuberías + 37,87 x 1,5 m² del tramo 2 de tuberías + 29,01 x 1 m² del tramo 3 de tuberías)

- Beneficios que no puede ser inferior al 20% de la inversión actualizado:

PEM proyecto original (oct1959) = 51.330 ptas = 308,50 €

IPC (ene1961- abril25) = 4.527,50%

PEM proyecto original (abril25) = 14.275,84 €

PEM proyecto ampliación (mar17)= 70.834,57€

IPC (mar17- abril25) = 25,2 %

PEM proyecto ampliación (abril25) = 88.684,88 €

Beneficios unitarios = 20% (14.275,84 € + 88.684,88 €) / 297,71 m² = 69,17 €/m²

B.- Canon (Base x tipo de gravamen)

Canon unitario = 8% (194,54 + 69,17) = 21,10 €/m² y año

Canon total 21,10 x 297,71 = 6.281,68 €/año".

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





8. A tramitación de calquera procedemento de modificación do importe do canon, así como os requirimentos de documentación que poida ocasionar este procedemento, entrarían dentro do ámbito das competencias da Administración Xeral do Estado, de conformidade co Real decreto 394/2025, do 13 de maio.

9. Ao tratarse dunha ocupación secundaria e accesoria asociada a unha actividade económica que se leva a cabo en instalacións situadas fóra do dominio público marítimo-terrestre, considérase que non resulta necesaria a tramitación dun procedemento de concorrencia competitiva.

III. RESOLUCIÓN

Á vista de canto antecede,

RESOLVO

AUTORIZAR A MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL da concesión da que é titular Amalia Vidal Iglesias, outorgada inicialmente a Salvador Vidal Santos por Orde Ministerial do 16.11.1962 para a ocupación de terreos de dominio público con destino a un galpón e unha tubaxe de toma de auga de mar, no termo municipal de Sanxenxo (Pontevedra), consistindo a modificación da concesión na instalación de novas tubaxes de toma de auga e desaugadoiro, cunha superficie total de ocupación de 297,71 m², con suxeición ás condicións e prescricións establecidas na resolución, do 31.07.2026, desta dirección xeral, de prórroga da concesión, e nesta resolución.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer un recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015).

Notifíquese esta resolución ás persoas interesadas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
Paula Uría Traba

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n

15781 Santiago de Compostela

dxercc.medioambiente@xunta.gal

www.xunta.gal





CONDICIÓN

A. As obras que se autorizan nesta modificación son as descritas no “Proyecto Descriptivo: de las modificaciones y mejoras a realizar en una Cetárea dotada de covedero para productos de la pesca y de la acuicultura”, suscrito polo enxeñeiro industrial Pedro Pereiro Figueiras en marzo do 2017.

B. De conformidade co sinalado no informe, do 26.06.2025, da Dirección Xeral da Costa e do Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, o concesionario abonará no Tesouro Público o importe correspondente ao canon, calculado a razón de vinte e un con dez (21,10) euros por metro cadrado e ano da superficie de dominio público marítimo-terrestre outorgada nesta concesión.

O canon revisarase periodicamente na medida en que aumente ou diminúa o valor dos sumandos que serviron para determinar a súa base de liquidación.

El pago desta taxa acomodarse ao previsto na Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de orde público e disposicións que a desenvolvan

C. O concesionario dará comezo ás obras dentro do prazo de seis (6) meses, debendo quedar totalmente terminadas no prazo de vinte e catro (24) meses.

D. Deberá cumprirse co indicado no informe da Subdirección Xeral para a Protección do Mar, do 12.08.2024

E. Para a execución das obras de modificación da concesión, o concesionario está obrigado á presentación de fianza definitiva á que se refire o artigo 88 da Lei 22/1988, do 28 de xullo.

F. O petionario deberá proceder á súa costa ao levantamento das tubaxes existentes en dominio público marítimo-terrestre que queden en desuso tras a construción das novas tubaxes autorizadas.

G. En relación coa realización das obras, deberase ter en conta o seguinte:

1. Non se permitirá ningún tipo de vertido ao dominio público marítimo-terrestre nin

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n

15781 Santiago de Compostela

dxercc.medioambiente@xunta.gal

www.xunta.gal





á zona de servidume de protección de terras, escombros ou materiais ou produtos xerados pola obra, que non conte coa debida autorización, debendo establecer as medidas oportunas para corrixir os impactos xerados durante a fase de execución da obra ou instalación da ocupación.

2. Para a execución das obras non se poderá ocupar espazo algún do dominio público marítimo-terrestre fora do autorizado especialmente para elo polo Servizo do Litoral desta consellería. Non se permitirán as acotacións de paso público, as casetas e contedores non autorizados, nin o almacenamento exterior de acopios, ou depósitos dos residuos da explotación.

3. Realizada a instalación e á vista da súa posible afección ao litoral, o concesionario estará obrigado a modificar a posición desta no que resulte necesario, e incluso á súa desmontaxe e retirada á súa costa, antes do vencemento da concesión.

4. Tanto a explotación como o proceso construtivo se deberán levar a cabo utilizando as mellores técnicas dispoñibles, de forma que o impacto medioambiental se reduza ao mínimo. En todo caso, deberán seguirse as instrucións que ao respecto se diten polos órganos competentes.

5. En concreto, se para a execución das obras fose necesario escavar en roca, a escavación levarase a cabo por procedementos mecánicos que non impliquen uso de explosivos, os cales prohíbense expresamente.

6. O concesionario será responsable de todos os danos prexuízos para as persoas, as cosas e o medio ambiente que se poidan derivar, directa ou indirectamente, da realización das obras ou da actividade, no mar, no seu leito e subsolo, e en xeral, nos bens de dominio público marítimo-terrestre, debendo presentar a estes efectos, no prazo que se lle sinala, o proxecto que comprenda as obras necesarias, que deberá realizar ás súas expensas a fin de reparar os danos causados.

7. O concesionario deberá comunicar á Capitanía Marítima correspondente da Dirección Xeral da Mariña Mercante e ao Instituto Hidrográfico da Mariña as datas de comezo e terminación das obras, aos efectos de incluír a correspondente información nas Cartas de Navegación e Avisos aos Navegantes.

Estas datas de comezo e terminación das obras deberán ser comunicadas tamén á Autoridade Portuaria correspondente co obxecto de realizar o seguimento e comprobación do balizamento.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





8. Unha vez finalizas as obras, o concesionario deberá realizar unha campaña de limpeza, eliminando a totalidade de restos da obra e dos materiais empregados na súa execución. Así mesmo deberá conservar as obras en bo estado e reparar os danos que se produzan como consecuencia da ondada ou outros.

9. Todas as consideracións anteriores, así como calquera incidencia no medio ambiente que poida xurdir no proceso de execución das obras, serán analizadas no recoñecemento final das mesmas polo Servicio do Litoral de Pontevedra desta consellería, que deberá subscribir a acta e o plano que se levanten, ben de conformidade ou, no seu caso, con reparos. Na acta de recoñecemento final das obras e no plano, deberá determinarse e representarse a ocupación do dominio público marítimo-terrestre outorgado en concesión, así como todas aquelas seccións que sexan necesarias para a súa definición. Tanto na acta como nos planos, consignaranse as medicións das superficies ocupadas. No caso de que sexa necesario, debido ao impacto producido polo establecemento e implantación das instalacións, esixirase un proxecto de acondicionamento e mellora do entorno ambiental. Neste caso, a explotación non comezará ata a execución do correspondente proxecto.

